

BASES CURTOCIRCUÍTO 2026

CONDICIÓNS XERAIS

1. A 23.^a edición de Curtocircuíto terá lugar en Santiago de Compostela **do 30 de xuño ao 5 de xullo de 2026**; a participación está aberta ao ámbito internacional e é gratuíta.
2. Só poderán inscribirse a través da plataforma en liña as curtametraxes que fosen estreadas con posterioridade ao **1 de xaneiro de 2026** e que non fosen enviadas ao Festival en edicións anteriores. En calquera caso, o festival poderá incluír na súa programación obras producidas con data anterior. Non é preciso que as obras inscritas sexan estreos, mais o Festival valorará que as obras sexan inéditas en España.
3. Cada autor ou produtora poderá presentar tantas curtametraxes como desexe, independentemente da nacionalidade e do idioma das obras. Porén, cada obra terá que inscribirse de xeito independente. A organización non aceptará nin inscricións nin envíos masivos por parte das distribuidoras a través de correo ordinario.
4. A Organización aceptará **todos os xéneros** e reserva o dereito de asignar as obras seleccionadas á categoría que considere. Antes de anunciar a programación consultarase cos autores a súa conformidade.
5. A duración máxima das curtas presentadas será de **60 minutos** (títulos de crédito incluídos).
6. Ficarán expresamente excluídos os traballos de índole comercial ou publicitaria.
7. Poderán acceder á consideración de beneficiarios dos premios as persoas físicas ou xurídicas, sempre que non se vexan afectadas polas prohibicións sinaladas legalmente.

Os/as beneficiarios/as dos premios deberán cumprir os requisitos e condicións establecidas nestas bases e estarán suxeitos ás obrigas que lles poidan ser aplicables, establecidas no marco legal vixente.

INSCRICIÓN

8. A inscrición farase a través da plataforma da Internet [ShortFilmDepot](https://www.shortfilmdepot.com). Para que a inscrición sexa válida haberá que completar todos os pasos que nela se indican. A data límite para a inscrición é o **1 de xuño de 2026**.

O festival resérvase o dereito de convidar filmes fora da plataforma [ShortFilmDepot](https://www.shortfilmdepot.com).

9. Para a preselección, as obras deben subirse no seguinte formato:

- MPEG4 AVC (codec H264 ou H265).
- Taxa máxima de transferencia de bits: 3000 kbps
- Resolución mínima: 720p
- Subtítulos incrustados.
- O arquivo non debe superar os 2 Gb.

NOTA: En ShortFilmDepot ofrécese máis información sobre como facer a conversión dunha película realizada nun formato compatible.

Non se aceptarán envíos feitos en soportes físicos tales como DVD, cinta ou disco duro.

10. Para a inscrición e o visionamento das curtas cuxos idiomas non sexan galego ou español, é obrigatorio que polo menos estean subtituladas en inglés ou nun destes idiomas.

11. Os arquivos subidos pasarán a formar parte dos fondos do Festival. Este comprométese a utilizar tales copias con propósitos exclusivamente culturais e non comerciais sempre coa petición e o conseguinte permiso do propietario da obra.

12. A relación de obras seleccionadas (en competición e fóra de competición) serán publicadas en curtocircuito.org aproximadamente un mes antes do seu comezo.

COPIAS DE PROYECCIÓN DOS FILMES SELECCIONADOS

13. Habitualmente o formato de proxección será **DCP ou arquivo dixital, segundo requira a organización**. No segundo caso empregarase **.mov ou .mp4, resolución mínima: 2K, taxa máxima de transferencia de bits mínima: 50 Mbps; audio: AAC; subtítulos en galego ou español incrustados ou en .srt**. Será o festival quen decida en función de en que sede vaia ser exhibida a obra.

14. A copia de proxección terá que estar limpa de subtítulos **salvo que estea subtitulada en galego ou español**. Non se aceptarán copias con subtítulos incrustados en idiomas que non sexan un destes.

15. Coa inscrición dunha curta e a conseguinte aceptación destas bases, os titulares das obras que sexan seleccionadas para participar en seccións competitivas cédelle ao Festival o dereito a proxectar as devanditas obras —sempre con propósitos exclusivamente culturais e non comerciais— ao longo do ano e medio seguinte á celebración do Festival nas distintas actividades extraordinarias celebradas fóra da semana oficial. Este uso refírese, basicamente, ás posibles sesións CURTOCIRCUÍTO OFF (películas gañadoras ou a selección que

procedese). En calquera caso, estas posibles proxeccións sempre lle serán notificadas ao titular da obra e sempre terán carácter gratuito para o público.

CATEGORÍAS E PREMIOS

15. As seccións competitivas están divididas en Sección Oficial Cosmos, Planeta GZ e Supernova. Completan o palmarés o Premio Especial Curtocircuíto Atlas, o Premio do Público e o Premio do Xurado Novo.

Cosmos: Obras de calquera xénero e de calquera nacionalidade. Unha variada selección dos títulos que marcan tendencias a escala mundial, tanto na ficción como na non-ficción. Desde cine narrativo que aporte unha mirada persoal e de evidente vocación artística ate obras próximas á videoarte, o ensaio filmico, o cinema sensorial e en xeral pezas dificilmente catalogables nun xénero que dilúen a idea tradicional do cinema mediante a innovación formal e a exploración da linguaxe audiovisual.

Planeta GZ acollerá obras galegas a competición. Enténdese por produción galega aquela na que: o director/a sexa galego/a ou leve máis de dous anos residindo en Galicia; aquela producida por unha produtora galega ou aquela que exprese unha vocación por Galicia.

Supernova: acollerá obras galegas a competición. Esta sección procura salvar a brecha existente entre as primeiras experiencias cinematográficas e os circuítos profesionais. Eses primeiros traballos que non teñen fácil acceso a espazos de difusión atopan en Supernova o seu lugar. O festival quere empregar esta sección para que cineastas emerxentes aprendan a presentar, defender e acompañar os seus filmes.

A participación dunha obra nunha sección ou outra será unha decisión da Organización independentemente da súa inscrición previa.

Premio Especial Curtocircuíto Atlas: recoñece una traxectoria relevante e unha filmografía de especial interese cos principios do festival.

Premio do Público: mediante votacións recollidas nas sesións competitivas.

Premio do Xurado Novo: o Xurado Novo encargárase de valorar os filmes da Sección Oficial e Planeta GZ.

16. Cada película poderá aspirar unicamente aos premios propios da súa sección, ademais de ser susceptibles de recibir o Premio do Público. O Xurado Novo valorará os filmes da Sección Oficial e de Planeta GZ

17. Establécense os seguintes **premios e mencións:**

- **Premio Cosmos á Mellor Filme:** 3000 €
Mención Especial á Mellor Filme: sen dotación



- **Premio Cosmos á Filme Innovador:** 1000 €
Mención Especial á Filme Innovador: sen dotación
- **Premio GZ á Mellor Filme Galego:** 2000 €
Mención Especial Galiza: sen dotación
- **Premio Supernova:** 1000 €
Mención Especial Supernova: sen dotación
- **Premio do Público:** 1000 €
- **Premio do Xurado Novo:** 1000€
- **Premio Especial Curtocircuíto Atlas:** 3000 €

As obras galegas que participen na Sección Oficial Cosmos só poderán optar ao premio desa sección así como á mención especial da categoría na que participen. Todas as obras en competición, independentemente dos premios e mencións concedidos polos xurados oficiais, poderán optar aos Premios do Público e do Xurado Novo.

Non se concederán premios *ex aequo*.

As contías dos premios están suxeitas aos impostos e ás regulacións fixados pola lei española. As cantidades expresadas nestas bases son brutas e sobre elas serán aplicadas as pertinentes retencións de IRPF.

As obras gañadoras deberán incluír os loureiros do festival nos medios de publicidade e promoción e, se é posible, nos créditos da película.

18. A Organización reserva o dereito a restrinxir ou ampliar as categorías e os premios, así como a contía destes últimos.

19. O órgano encargado da concesión dos premios en base ao fallo dos xurados é o director-xerente do Auditorio de Galicia.

20. A publicación da concesión dos premios será feita na BNDS, na propia páxina do festival e na sede electrónica do Auditorio de Galicia.

21. Na gala de clausura do festival comunicarase publicamente o fallo do xurado e os/as premiados/as serán comunicados/as presencialmente ou por calquera outro medio que garanta a súa recepción.

XURADO

22. O xurado estará composto por profesionais do sector audiovisual e do eido cultural que contén unha traxectoria contrastada, e a súa decisión será inapelable.

23. O xurado non poderá deixar deserta de premio ningunha categoría pero si poderá deixar de outorgar mencións especiais se así o estima.

VARIOS

24. A participación no Festival comporta concederlles ás televisións o dereito de emitiren extractos das curtametraxes (10%, cunha duración non superior aos tres minutos). Esta cláusula aplícase igualmente á Internet así como ás propias redes sociais do festival.

25. A Organización tamén publicará material gráfico con información relativa ás obras que conformen a programación.

26. A Organización dá por feito que os participantes son titulares dos dereitos das curtametraxes que presenten. En calquera caso, a Organización non se fai responsable das posibles infraccións derivadas deste aspecto.

27. A aceptación destas bases implica a autorización para a reprodución das obras seleccionadas na plataforma dixital [Filmin](#) por tempo limitado a un mes máximo nun período comprendido entre a celebración do festival e os seis meses seguintes dentro do marco dunha retrospectiva do festival. Unicamente no ámbito do territorio español e previa comunicación ao responsable da obra.

28. As películas seleccionadas nas competicións oficiais serán proxectadas publicamente durante o Festival, de acordo cun calendario programado, presupoñéndose que os participantes autorizan estas proxeccións desde o momento da súa inscrición no Festival.

29. O festival reservase o dereito de limitar a recepción de filmes nacionais e internacionais ás 300 primeiras obras inscritas. Non existe límite para filmes galegos.

30. A Organización do Festival (ou os seus representantes) resolverá todos os casos non especificados dentro dos termos destas bases e pode conceder unha dispensa especial verbo dos pedimentos específicos e xustificados.

31. Non se admitirán filmes que inciten ao sexismo, racismo, xenofobia ou outras condutas que atenten contra os dereitos fundamentais das persoas.

32. A Organización reserva o dereito a cancelar calquera inscrición e emprender as medidas que considere oportunas no caso de violación do regulamento ou en resposta a todo comportamento que perturbe o curso do Festival. De producirse un litixio, resolverase aplicando o contido destas bases, na súa ausencia, o disposto na lexislación española vixente. En caso de disputa respecto do cumprimento ou da interpretación destas bases, as partes renuncian ao foro propio que por razón de domicilio puidese corresponderlles e someterán as súas controversias aos tribunais e xulgados da cidade de Santiago de Compostela.

33. A Organización reservase en calquera momento o dereito de alterar, modificar ou suspender o programa de Curtocircuíto 2026.

34. A participación no Festival comporta a aceptación sen reserva de todos os termos contidos nestas bases.

Contacto: info@curtocircuito.org

